P R O G R A M A C I Ó N

PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL

Módulo: INICIATIVA PERSONAL E RELACIÓNS LABORAIS

Departamento de Economía
Profesor: José M. Justo Acevedo
I.E.S. A Xunqueira I (Pontevedra)

I N D I C E

1.- Introducción…… 3
2.- Obxectivos Xerais……... 4
3.- Obxectivos Específicos …….. 4
4.- Competencias Básicas …… 5
5.- Contidos ……. 6
6.- Contidos Mínimos ……. 8
7.- Temporalización …… 9
8.- Metodoloxía Didáctica …… 9
9.- Criterios de Avaliación …… 10
10.- Procedementos de Avaliación ……... 10
11.- Instrumentos de Avaliación …… 11
12.- Criterios de cualificación ……... 11
13.- Mínimos Esixibles ……. 12
14.- Pautas de avaliación do alumnado con necesidades Educativas especiais …….. 12
15.- Materiais e recursos didácticos …….. 13
16.- Actividades para o alumnado con módulos pendentes logo da 3ª Avaliación ……. 13
17.- Avaliación da propia programación e da práctica docente.. 14

1.- INTRODUCCIÓN

Os programas de cualificación profesional inicial van destinados a alumnos maiores de 15 anos, para os cales se considere que é a mellor opción para alcanzar os obxectivos da etapa de educación secundaria obligatoria, co fin de que alcancen competencias profesionais propias dunha cualificación de nivel 1 da estrutura actual do catálogo nacional de cualificacións profesionais, así como de que teñan a posibilidade dunha inserción sociolaboral satisfactoria e de que amplíen as súas competencias básicas para proseguirán estudos nas diferentes ensinanzas.

Na actualidade, existen alumnos de educación secundaria obligatoria con dificultades na súa aprendizaxe que poden pór en risco o alcance das competencias básicas e dos obxectivos previstos. A pesar destas dificultades, este alumnado posúe capacidades que cómpre potenciar a traves destes programas para poder finalizar a súa escolarización en condicións de desenvolvemento persoal e inclusión social satisfactorias.

Polo tanto, estes programas teñen como finalidade previr o abandono escolar antes da finalización da escolaridade obligatoria e abrir novas expectativas de formación para aquelas persoas en situación de desvantaxe sociolaboral e educativa. Os módulos en xeral, e este que vou a desenrolar en particular, permitirán a relación co mercado de traballo e facilitarán a inserción laboral nunha actividade profesional de xeito cualificado.

2.- OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais do módulo de Iniciativa Persoal e relacións laborais, son os seguintes:

- Desenvolver hábitos e habilidades que faciliten o acceso ao contorno laboral e o adecuado progreso.
- Ampliar as súas competencias básicas para proseguir estudos nas diferentes ensinanzas
- Desenvolver a observación e o espírito crítico
- Desenvolver a autoestima, o afán de superación e a capacidade de adaptación a novos retos, de acordo cos intereses e coas aptitudes persoais

3.- OBXECTIVOS ESPECIFICOS

- Desenvolver as capacidades persoais que faciliten planificar un proxecto persoal e profesional
- Desenvolver actitudes, hábitos e estrategias que faciliten a procura dun emprego acorde coas aptitudes e cos intereses propios
- Valorar a necesidade da motivación, da autoestima e da formación ao longo de toda a vida.
- Coñecer as opcións de orientación do mundo laboral, asumindo as condicións da vida activa e a relación entre a formación e os requisitos profesionais
- Coñecer o marco legal que regula as relacións laborais
- Coñecer e valorar os hábitos de seguridade e higiene no traballo, e asumir a responsabilidade persoal.
- Tomar conciencia da importancia dunha cultura emprendedora

4.- COMPETENCIAS BÁSICAS

Os módulos formativos de carácter xeral (iniciativa persoal e relacións laborais, un deles) teñen que contribuir o desenvolvemento das competencias básicas e favorecer a transición desde o sistema educativo ao mundo laboral. Son as seguintes:

- Competencia Comunicativa e dixital : O módulo de iniciativa persoal e relacións laborais contribuirá a desenvolver o hábito da lectura, posto que utilizaremos diversos textos (manuais, periódicos…..) e tamén as capacidades de búsqueda e tratamento da información, mediante o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación. Utilizaremos a aula de informática do centro con asiduidade, buscando información diversa (ofertas de emprego, acceso as páxinas web de distintos organismos…..)

- Competencias Sociais: este módulo contribuirá ao coñecemento do mundo actual, da sociedade, así como os dereitos e dos deberes da cidadanía

- Competencias específicasde iniciativa persoal e relacións laborais: este módulo, contribuirá en gran medida o desenvolvemento da autonomía persoal, o coñecemento dos dereitos e as obrigas das relacións laborais, a higiene e a prevención de riscos, así como ao fomento do espírito emprendedor e da necesidade de aprender ao longo da vida

5.- CONTIDOS

Unidade Didáctica 1:

Tema 1.- As persoas e as relacións laborais

1.1.- Proxecto persoal e profesional. Significado e valor do traballo
1.2.- Hábitos e actitudes responsables no traballo: traballo ben feito, colaboración e esforzo persoal, e planificación de tarefas.
1.3.- Formación ao longo da vida
1.4.- As relacións no traballo

Tema 2.- A Normativa Laboral

2.1.- A normativa Laboral
2.2.- Dereitos e obligacións dos traballadores
2.3.- Participación dos traballadores na empresa
2.4.- A Seguridade Social

Tema 3.- A contratación Laboral

3.1.- O contrato de traballo
3.2.- Tipos de contrato de traballo

Tema 4.- Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo

4.1.- Modificación do contrato
4.2.- Suspensión do contrato
4.3.- Extinción do contrato

Unidade Didáctica 2:

Tema 5.- O salario

5.1.- A xornada de traballo
5.2.- O salario. A Nómina
5.3.- Cotización a Seguridade social

Tema 6.- A protección por desemprego

6.1.- Situación de desemprego
6.2.- A protección por desemprego

Unidade Didáctica 3:

Tema 7.- A búsqueda de emprego

7.1.- O proxecto profesional
7.2.- O proceso de búsqueda de emprego
7.3.- Ferramentas para a búsqueda de emprego: Currículo e Carta de presentación

Tema 8.- A selección de persoal

8.1.- O proceso de selección de persoal
8.2.- A entrevista de traballo

Tema 9.- O autoemprego

9.1.- O proxecto de empresa
9.2.- Cultura emprendedora: O emprendedor. Traballo autónomo
9.3.- Formas Xurídicas da empresa. Cooperativas de traballo asociado
9.4.- Trámites para a creación dunha empresa

Unidade Didáctica 4.- Saúde Laboral

Tema 10.- O traballo e a saúde

10.1.- A saúde e as condicións de traballo
10.2.- Os danos derivados do traballo
10.3.- As leis que protexen a saúde no traballo
10.4.- Dereitos e obrigas do empresario e traballador en materia de prevención de riscos laborais.

Tema 11.- Os riscos laborais e as medidas de prevención e protección

11.1.- Orixen dos riscos laborais
11.2.- Danos que poden producir
11.3.- Prevención dos riscos laborais
11.4.- Medidas de prevención e protección

Tema 12.- A xestión dos accidentes de traballo

12.1.- Actuación en caso de accidente de traballo
12.2.- Os primeiros auxilios

6.- **CONTIDOS MÍNIMOS**

1) Coñecer a normativa laboral que regula os dereitos e deberes dos traballadores
2) Coñecer o significado e o valor do traballo e aqueles hábitos e actitudes responsables no posto de traballo
3) Distinguir as modalidades básicas de contratación laboral e aqueles cambios que pode experimentar un contrato de traballo: modificación, suspensión e extinción do mesmo
4) Interpretación e cálculo sinxelo dunha nómina
5) Correcta elaboración dunha carta de presentación e dun Currículo
6) Características das principais formas xurídicas de empresas

7) Describir as características do emprendedor e idenficar as súas cualidades persoais e profesionais.
8) Examinar as diferentes opcións de formación e inserción sociolaboral existentes na actualidade, destacando a capacidade creativa e innovadora como recursos básicos.
9) Recoñecer as actitudes e cualidades persoais, e en particular, a predisposición, responsabilidade, comportamento e implicación no proxecto.
10) Examinar a relación entre traballo e saúde, estudar os principais danos que poden producir os riscos laborais, factores de risco e as medidas básicas de protección e prevención que se poden tomar.

7.- **TEMPORALIZACIÓN**

O longo do curso os temas serán analizados de acordo coa seguinte dinámica temporal:

a) Na primeira avaliación (1ª trimestre), abordaráse o estudo e análise dos catro primeiros temas, que se corresponden coa primeira unidade didáctica.
b) Na segunda avaliación, serán as unidades didácticas 2 e 3 (do tema 5 o 9, ambos inclusive) as que serán obxecto de estudo. Ainda que son máis temas, os analizaremos dende un punto de vista totalmente práctico.
c) Na terceira avaliación, será a unidade didáctica 4 (correspondente os temas 10,11 e 12) a que estudaremos.

8.- **METODOLOXIA DIDÁCTICA**

A materia Iniciativa Persoal e Relacións Laborais, é unha materia nova para o alumnado, na que utilízase unha terminoloxía na que o alumnado non está habituado, ben polo seu descoñecemento ou ben polas ideas previas que os alumnos ponderan ter, posto que en ocasións poden ter algunha información pero carente de sentido e de contextualización.

Empregaráse unha metodoloxía expositiva no desenrolo dos temas, acompañada de preguntas, debates, cuestionarios…

Os alumnos traballarán tanto individualmente como en grupo para o desenrolo dos temas propostos. Asimesmo, levaránse a cabo comentarios e posta en común de calquera das noticias de actualidade que se relacione co mundo laboral-empresarial ou calquera tema que afecte o mundo das finanzas.

Faremos fincapé na parte práctica dos temas, elaborando cartas de presentación, curriculums, recibos de salarios … para que o alumnado vexa a conexión entre o estudado na aula e a realidade.

9.- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Recoñecer a relación entre a formación, as aptitudes propias e o posto de traballo buscado, e asumir as necesidades de formación continua para a mellora e a conservación do emprego
- Planificar o traballo. Cooperar coas outras persoas, conactitudes de respeto e de rexeitamento de actitudes discriminatorias
- Coñecer e valorar actitudes, hábitos e estrategias que permitan procurar, atopar e conservar un posto de traballo
- Coñecer institucións, organismos e empresas en relación coa procura de emprego
- Elaborar currículos e cartas de presentación correctas
- Manifestar un comportamento adecuado nunha entrevista de traballo
- Coñecer e actuar dacordo cos dereitos e os deberes das persoas traballadoras
- Elaborar un recibo de salarios sinxelo
- Recoñecer a necesidade de empreñar todas as medidas de prevención de riscos laborais
- Valorar a cultura emprendedora
- Coñecer as posibilidades de opcións de traballo autónomo e cooperativo

10.- **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os procedementos de avaliación xirarán en torno a observación diaria do alumno, o seu traballo, a súa participación, actitude, cumprimento dos traballos e dos prazos previstos, respeto hacia todos os membros da comunidade educativa..... Ademáis , nesta materia, en cada trimestre faremos:

1) Exposición teórica dos contidos desenrolados na presente programación, que serán obxeto dos examenes correspondentes.

2) Elaboración de pequenos exercicios prácticos, como unha carta de presentación, curriculum, un recibo de salarios..... no que se valorará a pulcritude, presentación e contido do mesmo
3) Exposición dos distintos traballos na aula, e analizando con sentido crítico os mesmos
4) Utilizaremos as novas tecnoloxías para estudar e analizar iniciativas emprendedoras xa consolidadas, das cales os alumnos deberán analizar con sentido crítico, e entregar un resumen por escrito dos aspectos máis sobresaíntes de ditas iniciativas, sinalando os aspectos positivos e aqueles que son máis negativos.
5) Seguimento a través da prensa, revistas especializadas ..., de temas de actualidade, que teñan que ver co estudado na clase: accidentes laborais, medidas de prevención e protección... Faráse ver o alumnado a importancia da participación na clase, para tentar que sexa o máis dinámica posible, o que se valorará moi positivamente.

11.- **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Básicamente, a hora de avaliar o alumnado, utilizaránse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Traballos, comentarios sobre artigos de periódicos, comentarios de vídeos que proxectaremos o longo do curso…
- Participación na aula: a participación activa do alumno no aula, valoraráse positivamente, e a pasividade ou falta de actitude, negativamente
- Exercicios téoricos (exames)
- Relacións cos compañeiros, potenciando como positivo o traballo en equipo, a solidaridade entre eles, e negativamente o contrario

12.- **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Conceptos	Porcentaxe
Participación na clase	10%
Elaboración dos exercicios prácticos	20%
Actitude no aula	10%
Exames teóricos	60%

A nota final, tanto nas avaliacións parciais como no final, calcularáse segundo as porcentaxes antes mencionadas; trátase de potenciar o traballo e a actitude diaria do alumnado, recoñecendo na nota dunha forma importante a constancia e o traballo diario.

13.- **MINIMOS ESIXIBLES**

- O aprobado sitúase no 5. Se non se presenta os exercicios prácticos que o longo do curso teñen que elaborar, non se pode aprobar o módulo.
- Os exames teóricos aprobánse a partir de cinco.
- Asimesmo, faránse todas as probas acordadas polo profesor que traten de comprobar que o alumno asimilou os contidos mínimos descritos na programación.

14.- **PAUTAS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS**

Os procedementos para avaliar o progreso da aprendizaxe do alumnado terá en conta as características dos mesmos, tendo en conta que pode existir algún alumno con necesidades educativas especiais. As pautas de avaliación que seguiremos nestes posibles casos, son:

a) Estudiaremos co Departamento de Orientación do Centro, que alumnos poden atoparse nestas circunstancias, é decir, que presenten algunha necesidade educativa especial, derivada das súas características persoais
b) Os procedementos de avaliación para estes alumnos verán marcadas polos contidos mínimos do módulo, expresados nesta programación.
c) Estableceráse unha temporalización distinta para estes alumnos, fundamentalmente dividindo a materia en cada avaliación, facendo exames máis curtos e de menos temas
d) Valoraráse especialmente o esforzo e a actitude de superación ante as súas necesidades educativas, tendo máis en conta o traballo diario no aula, dándolle máis importancia a participación na clase (20%), elaboración dos exercicios prácticos (30%) e actitude na aula (20%), e reducindo a importancia dos exames teóricos (30%)

e) En calquera caso, estes alumnos deberán obter unha nota mínima de cinco para a superación do módulo

15.- **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Para o desenvolvemento das sesións, empregarase o seguinte material:

- Periódicos, revistas e calquera publicación que teña que ver cos temas desenvolvidos
- Utilización de Internet como fonte de acceso á realidade económica
- Vídeos
- Distintas fontes estadísticas de información necesaria para o desenvolvemento do proxecto.
- Apuntes facilitados polo profesor para o seguimento da programación
- Material facilitado por BIC GALICIA sobre os emprendedores.

16.- **ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO CON MÓDULOS PENDENTES LOGO DA 3ª AVALIACIÓN**

Para o alumnado que teña o módulo pendente logo de realizada a terceira avaliación, elaboraráse un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. Analizaráse que contidos non logrou superar o alumno, e reforzarase con explicacións, exercicios, traballos …..

Para estes alumnos manterase o horario previsto no centro educativo no módulo correspondente (Luns a 5º hora e Xoves a 3ª hora), ata a sesión de avaliación final de módulos de primeiro curso. Durante este período, ademáis das actividades de recuperación do módulo pendente, o alumnado realizará actividades de preparación para as probas de acceso a ciclos de grao medio.

Para a superación da materia o alumno ten que acadar os contidos mínimos explicitados nesta programación e cumprir cos criterios de cualificación.

17.- AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN E DA PRACTICA DOCENTE

Ó longo do curso faráse un seguimento da programación feita ó inicio do curso.

Trimestralmente faráse unha análise dos temas impartidos na aula con respecto ó programado ó inicio do durso, establecendo as correccións necesaria, de ser o caso.

A avaliación da práctica docente plantéxase en dous eidos:

- Analizando de forma persoal e con sentido crítico a marcha do curso, os resultados académicos …, comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudados
- Someténdose á opinión do alumnado, a través de enquisas que de forma puntual pode facerse o fin de cada trimestre ou ben a fin de curso, para valorar a opinión do alumnado.

O alumnado do PCPI, ten unhas características específicas, cambiantes segundo o tipo de alumnado, mesmo é probable que haxa alumnos de distinta tipoloxía (nivel académico, formativo, persoal, necesidades educativas especiais…..), polo que o longo do curso iremos anotando aqueles aspectos que temos que mellorar ou retocar na programación, e adaptalos o curso seguinte.

Pontevedra, 16 de Setembro do 2011

Xefe Departamento: José M. Justo Acevedo